



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 26 DE NOVEMBRO DE 2020

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e seis de novembro de dous mil vinte, sendo as vinte horas, ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

D.^a María Begoña Calviño Dorado

D. Santiago Franco Blanco

D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)

D.^a María Loreto Caseiras Arroyo

D.^a Alicia María Souto Ramos

D.^a María Arca Nieto

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)

Grupo Mixto

D. David Carro Temprano (BNG)

Non asisten os sres. concelleiros: D. Juan Francisco Sánchez López e D. Eloy Babío Veiga

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**
- 2. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020**
- 3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, - 3º TRIMESTRE DE 2020-**
- 4. DISTINCIÓN HONORÍFICA DE INSTALACIÓN MUNICIPAIS**
- 5. AGRUPACIÓN VOLUNTARIA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA**
- 6. EXPROPIACIÓN FORZOSA. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2019, SEGUNDA FASE, APROBACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS E DAS RELACIÓNS DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN PARA PROCEDER Á SUA**



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

EXECUCIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN

7. ADAPTACIÓN FORMAL ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SEXTA. PRECISIÓN DE CONDICIÓNS DE ORDENACIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN

8. ADAPTACIÓN FORMAL ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SÉTIMA. CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS. ACORDOS QUE PROCEDAN

9. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1178/2020 SOBRE DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021

10. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER #CONCELLOSGALEGOS #POLOBOTRATO

11. MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN PLANTILLA PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL CONCELLO DE BERGONDO ANO 2020

12. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE CREACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EN GUÍSAMO

13. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A GARANTÍA DA PROPIEDADE PRIVADA E CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL DAS VIVENDAS

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS EN DEFENSA DE AUTÓNOMOS E PEMES

16. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE CONTRATACIÓN DO CONCELLO A AUTÓNOMOS E PEMES LOCAIS

17. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2017

18. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

19. MOCIÓNS URXENTES

20. ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 11 DE NOVEMBRO DE 2020

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do 24 de setembro de 2020 e sesión extraordinaria do 11 de novembro de 2020, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás ditas actas.

A sra. Alcaldesa da a palabra a srá secretaria para aclarar que na orde do día da sesión plenaria ordinaria do 24 de setembro, recolleuse como punto 3 da orde do día “DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020”, cando ese punto tratouse na sesión plenaria ordinaria do 30 de xullo de 2020, punto 3, e do que se deu conta na sesión plenaria ordinaria do 24 de setembro era a información sobre cumprimento da Lei de morosidade



do 2º trimestre de 2020, que é o que se remitíu aos membros do pleno para o seu coñecemento na citada sesión.

Polo que corresponde emendar o título do punto 3 da orde do día, e onde dí: “DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020”, debe dicir: da orde do día “DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE DO 2º TRIMESTRE DE 2020”

Non formulándose máis observacións, postas a aprobación as actas das sesión ordinaria do 24 de setembro de 2020 coa emenda indicada, e sesión extraordinaria do 11 de novembro de 2020, por unanimidade de votos a favor (once), apróbanse as referidas actas.

2. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2020

Dáse conta aos/ás asistentes dos informes sinalados neste punto da orde do día, e que foron remitidos aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, 3º TRIMESTRE DE 2020

Dáse conta aos/ás asistentes dos informes sinalados neste punto da orde do día, e que foron remitidos aos sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

4. DISTINCIÓN HONORÍFICA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS . EXP. 2020/X998/000456

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“O Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos do Concello de Bergondo, publicado no BOP núm. 70 do 26.03.2007, recolle no seu artigo 19, que o Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ao pobo de Bergondo, a fin de recoñecerlle especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

O trámite recollido no citado regulamento é o contido nos artigos 20 e seguintes do devandito regulamento. Indica que se iniciará por resolución da alcaldía, que nomeará un instructor e logo éste un secretario. Dado que este proceso estivo impulsado pola Concellería de Servizos Sociais, asumiu a concelleira-delegada a fase instrutora.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Consta incorporado ao expediente un informe xustificativo emitido pola técnica en integración social municipal, no que se propón o renomeamento de sete instalacións municipais de Bergondo a partir dos resultados do proceso de investigación comunitaria “Bergondo en feminino”. Este proceso desenvolveuse entre setembro e novembro do 2019; nel investigouse a historia das mulleres do municipio co obxectivo de visibilizar as súas achegas á sociedade. Os resultados foron moi satisfactorios, tanto cuantitativa como cualitativamente: atopáronse nomes de moitas mulleres, rastrexáronse numerosos datos das súas vidas, e conseguiuuse a implicación e unha moi boa resposta veciñal.

No uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, propoño ao Pleno, que previo ditame da comisión informativa, adopte o seguinte acordo:

ÚNICO. *Renomear, ao abeiro do disposto no artigo 19 do Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos do Concello de Bergondo, a seguinte relación de instalacións municipais:*

1. *Centro Social de Fiobre, Filomena Dato Muruais.*
2. *Centro Social de Guísamo, M^a de los Dolores Miramontes Matos.*
3. *Casa da Xuventude, Jacinta Landa Vaz.*
4. *Centro Social de Lubre, María Fernández Sánchez “Maruxa do Chelo”.*
5. *Salón de actos da Casa da Cultura, Mercedes Núñez Targa.*
6. *Centro Social de Vixoi, Luísa Viqueira Landa.*
7. *Centro Social de Santa Marta, Xabiela Fraga*

Bergondo 1 de outubro de 2020

A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez”

A sra. alcaldesa indica que non están recollidos na proposta tódolos locais nin tódalas mulleres e esta proposta parte do proceso de investigación comunitaria “Bergondo en feminino”

O sr. voceiro do PP dí que é unha honra o recoñecemento destas mulleres e amosa o seu desexo de que se completen os restantes locais sociais municipais cos recoñecementos correspondentes.

O sr. voceiro do grupo mixto indica que apoia a posta en valor do feito por estas mulleres.

O sr. voceiro de AV dí que está de acordo dito; engade que a praza de Moruxo, debера chamarse praza de Filomena Dato; e cando se poida, falando en feminino pero tamén en masculino, que algún día crear aen Voi a Praza Xoán Vicente Viqueira.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.



5. AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXP. 2019/X999/000441

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“Considerando que os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece no seu punto 3: “Las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase 2.ª y 3.ª, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)”

Considerando o desenvolvemento da citada previsión legal nos artigos 11, 12 e 13 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, que permiten a agrupación voluntaria de municipios cuxa secretaría sexa de clase segunda para o sostemento en común do posto de Tesorería.

Atendendo á normativa básica corresponde ás corporacións locais realizar as modificacións necesarias para que o posto de tesorería se clasifique pola Comunidade Autónoma como posto reservado á Subescala correspondente da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. Debendo procederse á creación ou modificación do posto de Tesoureiro polo Pleno da Corporación, previa a dotación orzamentaria correspondente de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de réxime local autonómica, a cal deberá aprobar a clasificación do posto e a súa inscrición non rexistro de posto de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Por acordo plenario do 11 de novembro de 2020, resolveuse iniciar o expediente de creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de soster en común o posto de Tesoureiro/a cos Concellos de Abegondo, e Carral; remitindo ese acordo aos concellos indicados; e nomeando á alcaldesa como representante do Concello de Bergondo na comisión paritaria encargada de elaborar os estatutos que rexerán a agrupación.

Con data 16 de novembro de 2020, xuntouse a comisión paritaria e elaborou o texto definitivo dos estatutos que rexerán a citada agrupación.

Por todo o exposto, e considerando a posibilidade de agruparse cos Concellos de Abegondo e Carral, en razón de todo o exposto e vista a regulación existente en relación ás agrupacións voluntarias para o sostemento en común de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional por parte do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

habilitación de carácter estatal, esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. *Incoar o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Bergondo, Abegondo e Carral para o mantemento en común do posto de Tesourería.*

Segundo. *Desinar á Alcaldesa -presidenta, a/ao Primer Tenente de Alcalde e a/ao Segundo Tenente de Alcalde, como representantes do Concello de Bergondo na Xunta administrativa da Agrupación.*

Terceiro. *Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se detallan a continuación:*

ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO E CARRAL DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA

Artigo 1. Disposicións xerais e entidades que integran a agrupación.

1. *Os Concellos de Bergondo, Abegondo e Carral, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.*

2. *A Agrupación constituída rexerese polos presentes Estatutos e polas disposicións legais vixentes, e carecerá de personalidade xurídica distinta das Entidades que a forman.*

3. *A cabeceira da Agrupación fíxase no municipio de Bergondo, con sede na súa Casa Consistorial, onde terá o seu domicilio legal a Xunta Administrativa da agrupación.*

Artículo 2. Fins e posto de traballo que se agrupa.

A Agrupación ten como único obxecto dispor dun funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o servizo dos Concellos que a compoñen, e que terá os dereitos e obrigas xerais que a lexislación vixente establece, máis os especiais que se consignan nos presentes Estatutos.

Artigo 3. Organización.

1. *A Agrupación será xestionada por unha Xunta Administrativa, órgano colexiado de goberno e administración con representación de todas as Entidades agrupadas.*

Esta Xunta Administrativa estará integrada por sete membros, designando o pleno de cada concello dous membros e suplentes por cada concello, contando con tres membros o concello de cabeceira.

Actuará como presidente/a da Xunta Administrativa da agrupación, o/a representante do concello da cabeceira e os restantes membros como vogais. Os vogais serán nomeados polos Plenos de cada Concello e o seu mandato terá a mesma duración que das súas respectivas Corporacións.

Actuará como Secretario/a da mesma o/a que o sexa do concello de cabeceira.

2. *As atribucións da Presidencia da Agrupación na súa calidade de alcalde/sa da cabeceira serán, en canto resulten*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

aplicables e concretamente en materia de persoal, as contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das dbses do réxime local.

3. Serán competencias da Xunta Administrativa da agrupación:

- O coñecemento e resolución de cantos asuntos podan presentarse no funcionamento da Agrupación, así como os que se lle atribúan por disposicións legais.
- - Velar polo cumprimento das obrigas da persoa que desempeña o posto de Tesourería e, no seu caso, a corrección do mesmo de acordo co establecido na normativa vixente para funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, previa instrución do correspondente expediente cando proceda.
- Coñecer e coordinar as licencias e permisos da persoa funcionaria que ocupe o posto de Tesourería e as súas substitucións.

4. A Xunta administrativa rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Artigo 4. Réxime do persoal

1. O funcionario que presta servizos na Agrupación dependerá organicamente do municipio da cabeceira e seralle de aplicación o mesmo réxime que ao resto de persoal da Administración Local da que depende organicamente.

2. Establécese que o funcionario da Agrupación asista aos concellos integrantes da agrupación do seguinte xeito: Os martes, ao Concello de Abegondo; os mércores, ao de Bergondo e os xoves, ao de Carral; cada semana os luns e venres a un concello dos integrantes da agrupación: semana 1. Concello de Abegondo; semana 2. Concello de Bergondo; e semana 3: Concello de Carral e volta a comezar as quendas.

Os horarios de asistencia aos distintos concellos agrupados serán establecidos por cada un deles e poderán ser modificados por circunstancias do servizo ou pola existencia de distintos días festivos locais, tendendo sempre á proporcionalidade equitativa a cada concello. Sexa como fora, a presenza efectiva en cada concello non implica que non teña que desempeñar as funcións propias de cada concello os días que o requiran polos medios telemáticos que precise.

3. O Tesoureiro/a realizará a xornada de traballo que sinalen as disposicións en vigor, distribuíndose entre as Entidades Locais agrupadas de forma igualitaria o tempo de traballo do posto de Tesoureiro/a nos tres concellos agrupados, de acordo coa xornada laboral aprobada en cada unha delas.

Exceptúanse deste réxime aqueles casos de suma urxencia, a xuízo do Tesoureiro/a, que esixa a presenza deste/a funcionario/a en calquera dos municipios agrupados.

4. O réxime disciplinario da persoa que ocupe o posto que se agrupa, acomodarse ao disposto nas disposicións legais e regulamentarias vixentes e será exercido polo/a Presidente/a da Agrupación na súa condición de alcalde/sa da cabeceira e previo informe da Xunta da Agrupación.

Artículo 5: Retribucións

1. O réxime retributivo (retribucións, cotizacións á seguridade social e demais gastos derivados do funcionamento da Agrupación) acomodarse ao disposto na normativa de función pública para o persoal da administración local e distribuírse a partes do seguinte xeito entre os tres concellos que conforman a agrupación: 34% Concello de



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Bergondo; 33% Concello de Abegondo e 33% Concello de Carral.

2. As retribucións básicas do posto de Tesourería serán as establecidas pola lexislación vixente.

3. As retribucións complementarias do posto se corresponden coas retribucións complementarias do posto no concello de cabeceira. Ás mesmas engadirase o complemento de agrupación (45% do complemento de destino asignado ao posto; 15% cada un dos concellos agrupados, segundo sinala o artigo 8.1 do Real Decreto 861/1986).

4. Calquera cambio nas retribucións fixarase pola Xunta Administrativa da Agrupación dentro dos límites legais, con ratificación de todos os Concellos agrupados.

Artigo 6. Recursos económicos da Agrupación

1. O Concello de Bergondo, comprométese a dotar economicamente o posto no orzamento anual de cada exercizo. Os Concellos de Abegondo e Carral comprométese a dotar e transferir anualmente ao Concello de Bergondo as cantidades que lles correspondan para o sostemento económico do posto agrupado. A correspondente transferencia efectuarase no primeiro trimestre do ano.

2. A cantidade que cada entidade da Agrupación consigne anualmente nos seus respectivos orzamentos ordinarios para as atencións da persoa que ocupe o posto de funcionario da Agrupación e demais gastos derivados do funcionamento desta, constitúe o único recurso económico da Agrupación de conformidade coas disposicións legais vixentes.

3. O pago que a cabeceira da Agrupación faga polas retribucións que correspondan á persoa que ocupa o posto de funcionario que se agrupa, as cotizacións ao réxime de Seguridade Social e demais gastos derivados do funcionamento do posto, será compensado por todas as entidades agrupadas segundo as seguintes porcentaxes:

Concello de Abegondo: 33%

Concello de Carral: 33%

Artigo 7 Réxime xurídico da Agrupación

1. En relación ao réxime de sesións e acordos da Xunta da Agrupación, esta reuniráse, cando menos e con carácter ordinario, unha vez ao ano, podendo realizar cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos de interese da mesma, por instancia do Presidente ou de calquera dos membros da Xunta.

2. O despacho dos asuntos correspondentes ás entidades atenderase pola persoa que ocupa o posto de funcionario da Agrupación sen preferencia para ningún deles, sen que isto implique a desatención ou menoscabo dos servizos.

En caso de urxencia ou forza maior, atenderase preferentemente á entidade afectada.

Artigo 8. Vixencia da Agrupación e causas de disolución e modificación da Agrupación

1. A Agrupación constitúese por prazo indefinido e terá efectos xurídicos desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución de aprobación da mesma polo órgano autonómico competente en materia de Administración Local.

2. A disolución ou modificación da Agrupación constituída para o sostemento de persoal en común poderá iniciarse polas entidades locais interesadas, mediante acordo adoptado pola maioría que determine a normativa en materia de



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

réxime local.

No acordo de disolución farase constar a proposta de clasificación ou, de ser o caso, exención do posto resultante tras a disolución. No devandito acordo deberase fixar a cal das entidades locais quedará adscrita a persoa que estea a desempeñar o posto de funcionario con habilitación de carácter nacional na Agrupación.

En calquera caso deberá quedar garantida a prestación das funcións públicas necesarias.

3. No caso de que o acordo plenario no que se aprobe a disolución non se adopte por todas as entidades integrantes da Agrupación, a entidade local que inste a disolución dará traslado do acordo ás entidades restantes para que no prazo dun mes e mediante acordo plenario presenten cantas alegacións consideren oportunas.

4. Serán causas de disolución da Agrupación as seguintes:

- a) A imposibilidade de prestar convenientemente as funcións públicas necesarias de forma illada a causa do aumento/diminución do volume de servizos ou recursos*
- b) O aumento ou diminución substancial da poboación ou da actividade administrativa,*
- c) Maiores esixencias do servizo que reclamen a presenza do persoal da Agrupación no concello.*
- d) A solicitude motivada de calquera dos membros de disolución e o acordo do resto de non continuar coa agrupación.*

5. Serán causas de modificación da Agrupación as seguintes:

- a) A desagrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal cando a Agrupación estea constituída por dúas ou máis entidades locais.*
- b) A agregación dun municipio ou entidade local supramunicipal*

Artigo 9. Procedemento de modificación dos Estatutos

A modificación destes Estatutos requirirá os mesmos trámites esixidos pola normativa de aplicación para a súa aprobación e constitución.

Disposición final única

A Agrupación rexerese polas normas contidas nos Estatutos e no non previsto nestes, polo establecido no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e polas disposicións que se diten en relación con este persoal en tanto que a Agrupación non se disolva legalmente.

Cuarto. *Someter ou expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no BOP e solicitar informe da Deputación Provincial e da Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.*

Bergondo, 16 de novembro de 2020

Asinado electronicamente

A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez”

A sra. alcaldesa explica que agora tráese a aprobación dos estatutos da agrupación, logo de traer no anterior

9 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



pleno o desistimento da anterior agrupación e iniciar de novo o expediente, logo da xuntanza da comisión paritaria competente, estatutos nos que se indican, entre outros, os días a acudir aos concellos e as achegas dos outros concellos ao de Bergondo.

O sr. voceiro do PP indica que o seu grupo apoia a proposta.

O sr. voceiro do grupo mixto, indica que como no pleno anterior, abstense neste asunto.

O sr. voceiro de AV indica que apoian a proposta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total dez (10) votos a favor e unha (1) abstención, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, segundo esixe o artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por maioría absoluta do número legal de membros da corporación**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. EXPROPIACIÓN FORZOSA. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SANEAMENTO MUNICIPAL 2019, SEGUNDA FASE, APROBACIÓN DOS PROXECTOS DAS OBRAS E DAS RELACIÓNS DE BENS E DEREITOS DE NECESARIA OCUPACIÓN PARA PROCEDER Á SUA EXECUCIÓN. ACORDOS QUE PROCEDAN.

EXPEDIENTE. 2020/X999/0000161

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“Visto que o saneamento é un dos servizos obrigatorios que debe prestar o Concello ao abeiro do establecido no artigo 26.1 a) da LBRL.

Visto que a execución deste Plan de saneamento municipal é fundamental para a conexión aos colectores xerais existentes e á EDAR de Gandarío, de todo o saneamento, tanto o xa existente como o que se trata de acometer agora, do núcleo de Tatín e ambalás dúas marxes da estrada AC162; tamén completala rede saneamento en Rois, levada a cabo no plan de saneamento municipal 2016, fase primeira, incorporándolle a colector núm. 3, o alcantarillado do núcleo de Souto, e ao colector núm. 4, o alcantarillado do núcleo de Cortes; e completar a rede de saneamento de San Paio, tamén executada no Plan de saneamento municipal 2016, incorporándolle ao colector-4, o alcantarillado de parte do núcleo de San Paio.

Visto que para a execución dos proxectos de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

(Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo) e de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo) que integran este plan, consta que, para a execución das obras, hai necesidade de ocupación temporal, nuns casos, e definitiva noutros, de terreos privados, será necesario tramitar o correspondentes expedientes de expropiación forzosa.

Considerando que as obras comprendidas nos plans de obras e servizos locais, levan anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade da ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos de expropiación forzosa, conforme dispón o artigo 94 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril e o artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa, o Concello de Bergondo, en sesión plenaria extraordinaria do 18 de decembro de 2019, aprobou o Plan de saneamento municipal 2019, segunda fase, que inclúe os proxectos: 1. Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución pro contrata de 313.622,10 euros; 2. Proxecto de saneamento en Rois, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución por contrata de 22.928,00 euros; 3. Proxecto de saneamento en Cortes, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución por contrata de 59.122,35 euros; e 4. Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun presuposto de execución por contrata de 69.999,86 euros.

Considerando que a relación de propietarios e titulares dos bens e dereitos de necesaria ocupación inclúese nos correspondentes proxectos, contendo a descrición e valoración dos bens e dereitos afectados, mediante os correspondentes Anexos de expropiacións, redactados polo enxeñeira técnica agrícola dona Beatriz Blanco Lois, en xullo de 2020, no que se recolle a xustificación, relación de bens e titulares, follas de características das fincas a expropiar, resumen de valoracións e plano parcelario.

Considerando que por acordo plenario do 30 de xullo de 2020, aprobáronse inicialmente os dous proxectos incluídos no citado Plan de saneamento municipal 2019, segunda fase, redactados polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641: Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo) e Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), e declarouse a utilidade pública da súa execución e aprobaronse inicialmente as relacións de bens e dereitos de necesaria ocupación para a devandita execución e aos efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación.

Considerando que o expediente expúxose ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia num. 129 do 13.08.2020, no xornal La Voz de Galicia do 13.08.2020, no taboleiro de anuncios do Concello o 13.08.2020 e no taboleiro electrónico de anuncios da Sede electrónica municipal o 13.08.2020; así como procedeuse á notificación individual aos interesados resepecto dos que non pudérase efectuar a notificación individual, publicouse notificación edictal no BOE núm. 248 do 17.09.2020; e que segundo consta na certificación de secretaría, no prazo outorgado para o efecto, presentáronse as seguintes alegacións, á relación de bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución do Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo):

- Urbanizacións Xerais SL. NRE 202099900001938 do 01.09.2020



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

E no Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo):

- María del Carmen Sánchez Riveiro. NRE 202090000012759 do 31.08.2020

Considerando que a relación de bens e dereitos afectados confeccionouse á vista do proxecto de obra legalmente aprobado, que ha de realizarse tendo en conta a súa viabilidade técnica e xurídica, dentro das alternativas existentes, que finalmente corresponde á administración decidir en función dos diferentes factores técnicos, medioambientais, sociais, económicos, topográficos e cartográficos...

En todo caso, non se trata dunha opción arbitraria, senón dunha decisión da administración no ámbito das súas competencias de aprobar un trazado que se adapta á normativa vixente, que entende axustado ás necesidades do municipio e que responde a razóns de viabilidade, oportunidade e mellora das instalacións existentes, o que lle outorga o carácter de utilidade pública. O carácter global do trazado e do proxecto no seu conxunto ha de primar sobre aspectos, afectacións ou consideracións particulares, que non deben afectar ao beneficio que ten a obra sobre o conxunto da poboación. Nos propios proxectos de obra aprobados se incorporan o obxectivo das mesmas e a xustificación das solucións propostas, que poden ser obxecto de consulta por parte dos particulares.

Visto o informe emitido polo redactor dos proxectos, Patricio Aguilar Cavanillas, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 7641, que propón a desestimación da alegación efectuada por Urbanizacións Xerais SL, dado que non se axusta á realidade o feito de que a proposta da sociedade alegante teña o mesmo custo que a solución establecida pola administración no proxecto, ademáis de que a alternativa seleccionada discorre por terreo natural e a súa execución limitarase á excavación, colocación de colector, execución de pozos e recheo de zanxas; téndose seleccionado a alternativa cun menor coste e cunha funcionalidade equivalente á rerexeitada; respecto á descrición de bens de necesaria ocupación, no se axusta á realidade que a sociedade alegante teña nada que presumir, dado que estariamos diante da imposición dunha servidume de acueducto, tal e como se indica no plano denominado "Expropiacións", que incluso inclúese no informe pericial presentado, como na páxina 1 do "Anejo nº 11.- Expropiacións y disponibilidad de terrenos", figura grafiada e expresada textualmente a imposición dunha "servidumbre de acueducto" de 3 metros de anchura no terreos da "parcela nº 36" propiedade da sociedade alegante, polos que discorre un tramo do colector 3.1 proxectado.

E completado éste co emitido por Beatriz Blanco Lois, Enxeñeira Técnico Agrícola, Colexiada núm. 1909, no que se establece que neste caso, é obxecto do proxecto deseñar unha rede de colectores por ambas beirarrúas da estrada AC-162 que se concentran no punto baixo, dende onde se impulsarán ata o colector xeral de Gandarío; unido ao dito polo redactor do proxecto, concorre pois neste caso, a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados que se indican na relación aprobada inicialmente. Engadindo en canto á discrepancia coa valoración fixada pola administración, os interesados poderán facer valer os seus dereitos no momento de iniciarse procedementalmente a fase de determinación do xusto prezo, segundo o disposto nos artigos 24 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954. No suposto de non acadarse un mutuo acordo entre os expropiados e a administración expropiante, darase traslado da peza separada ao ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos de fixar o xusto prezo que, en todo

12 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

caso, farase de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente. Rematando coa proposta de continua tramitación do expediente expropiatorio nos termos indicados.

Visto o informe emitido polo redactor dos proxectos, Patricio Aguilar Cavanillas, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado núm. 7641, que propón a estimación da alegación efectuada por María del Carmen Sánchez Riveiro, dado que a EBAR proxectada ubicábase no punto baixo da zona, o cual é o desaño natural da mrsma, seguindo o criterio que habitualmente utilízase á hora de buscar o emprazamento idóneo dos bombeos; agora ben, engade que, o pequeno desprazamento da EBAR que propón a alegante pode ser tido en conta sen que dito desprazamento supoña un menoscabo nas condicións de funcionamento da EBAR nin do conxunto de colectores proxectados. Engadindo que, o presuposto resultante coa modificación proposta non debería ser superior ao do proxecto inicialmente redactado.

Visto o informe emitido por Beatriz Blanco Lois, Enxeñeira Técnico Agrícola, Colexiada núm. 1909, no que se establece que neste caso, á vista tamén do informe do redactor do proxecto, queunha vez realizadas as modificacións pertinentes no anexo de expropiación en base a proposta de modificación do proxecto de execución, proponse modificala relación de bens e dereitos afectados e o plano parcelario, que se acompañan. A modificación proposta implicará unha alteración da valoración estimada. O valor das servidumes que se impoñen, e no seu caso, das ocupacións temporais, calcúlanse como unha porcentaxe do valor do solo, seguindo os criterios que aplican os xurados de expropiación e a xurisprudencia, que neste caso se fixa nun 80%. Obtense un valor de expropiación de 314,58 €, incluído o premio de afección.

Procede agora, consonte sinala o artigo 20 da LEF e 20 e seguintes do REF, continuar os expedientes expropiatorios; vistos os artigos 90 e 94 do RDLex. 781/1986, de 18 de abril e os artigos 10 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar definitivamente o Plan de saneamento municipal 2019, segunda fase, que inclúe os proxectos, redactados polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, que se detallan nos puntos cuarto e quinto do presente acordo.*

SEGUNDO. *Desestimar a única alegación presentada ao Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), por Urbanizacións Xerais SL. NRE 202099900001938 do 01.09.2020, polas razóns expostas nos informes referidos no corpo do presente acordo, dándolle traslado do mesmo, xunto cos devanditos informes técnicos.*

TERCEIRO. *Estimar a alegación presentada ao Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), por María del Carmen Sánchez Riveiro. NRE 202090000012759 do 31.08.2020, polas razóns expostas nos informes referidos no corpo do presente acordo, dándolle traslado do mesmo, e na súa consecuencia, proceder á modificación do plano parcelario e da relación de bens e dereitos aprobada inicialmente, do proxecto citado, modificándose as superficies afectadas da única parcela incluída no anexo de expropiación, modificándose tamén o presuposto total da expropiación que ascenderá a 314,58 euros, e na súa consecuencia, modificar tamén o proxecto da obra.*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

CUARTO. Aprobar definitivamente o Proxecto de saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), cun valor estimado de 259.191,82 euros, máis 54.4430,28 euros de IVE (21%), que fan un total de 313.622,10 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. **(anexo I)**

QUINTO. Aprobar definitivamente o Proxecto de saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo), coas modificación derivadas do acordado no punto terceiro anterior, cun valor estimado de 57.851,12 euros, máis 12.148,74 euros de IVE (21%), que fan un total de 69.999,86 euros, redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Patricio Aguilar Cavanillas, colexiado núm. 7641, incluído no mesmo o Anexo de expropiacións, considerando que, de conformidade co disposto no artigo 94 do RDLex. 781/86, de 18 de abril, esta aprobación leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no anexo do proxecto, comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa, e acordando tal expropiación. **(anexo II)**

SEXTO. Declarar expresamente a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relacións concretas individualizadas apróbanse definitivamente e que se describen nos anexos I e II ao presente acordo.

SÉTIMO. Publicar e notificar o presente acordo consonte co disposto no artigo 20 da Lei de Expropiación Forzosa e no artigo 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa.

Relación de Titulares, bens e dereitos afectados

ANEXO I

Saneamento en Tatín e na estrada AC-162, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo)

FINCA	TITULAR/NIF	REFERENCIA CATASTRAL	DNI/NIF	SUPERFICIE TOTAL (m2)	SUPERFICIE AFECTADA (m2)	TIPO DE AFECCIÓN	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	USO	SITUACIÓN URBANÍSTICA DO SOLO	TOTAL (€)
1	URBANIZACIÓNS XERAIS SL	1788936NH6918 N0001TL	*1552****	7.563,00	195	SERVIDUME	SOLO URBANO (RESIDENCIAL EXTENSIVA)	RESIDENCIAL	URBANIZADO	5.953,35
2	MARÍA DEL MAR FEAL DANS E MANUEL DANS MUIÑO (HERDEIROS)	1991618NH6918 N0001UL	32**39**		64	PLENO DOMINIO	SOLO URBANIZABLE UR1	LABOR	RURAL	557,09

ANEXO II

Saneamento en San Paio, TM de Bergondo (Sistema Xeral de Saneamento. Concello de Bergondo)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Por acordo do Pleno de data 24.09.2020, acordouse a aprobación provisional da modificación puntual Sexta das Normas Subsidiarias de Planeamento de Bergondo, Precisión de Condicións de Ordenación., cuxa aprobación inicial efectuouse no Pleno de data 31.01.2019

SEGUNDO.- Con fecha 25 de maio de 2020, tivo lugar a entrada en vigor da Orde de 10 de Outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de Planeamento de Galicia.

Dita orde , establece unha serie de directices de cumprimento obrigatorio para unificar os criterios técnicos para a elaboración dos documentos de planeamento urbanístico. Na súa disposición transitoria primeira, relativa a adaptación do planeamento , recolle ao punto 1 que “Aos plans aprobados inicialmente antes da entrada en vigor das normas técnicas de planeamento seralles de aplicación unicamente o disposto no título III destas normas, sen prexuízo de decidir adaptarse a elas voluntariamente. En todo caso, aqueles documentos cuxo expediente completo xa se remitise ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo para a súa aprobación definitiva non terán que adaptarse ao título III”;

TERCEIRO- Con data 13.11.2020 (Rxe núm. 202099900002678) dona María Ríos Carballeira, achega a documentación aprobada provisionalmente polo Pleno do día 24.09.2020, coas modificacións necesarias a fin de dar cumprimento as esixencias da Consellería de Medio ambiente Territorio e Vivenda, en relación ao cumprimento ao contido do título III da orde do 10 de Outubro de 2020, pola que se aproban as Normas Técnicas de Planeamento, consistentes no seguinte:

Modificación Puntual sexta das NSP Concello de Bergondo. Precisión das Condiciones de ordenación. Documento para aprobación provisional . Novembro de 2020(paxinas 1 a 27) Adáptanse as marxes e o paxinado a indicado nas Normas técnicas. Pola súa banda, inclúese o anexo 6, denominado “Modelo de extracto ambiental” (artigo 25 da Orde do 10 de outubro de 2019), formando parte da memoria e non coma documento independente, inseríndose na parte final, antes dos créditos. A ficha de vixencia do planeamento , adaptase ao formato relacionado nas Normas técnicas como anexo número 7, (artigo 26 da Orde do 10 de outubro de 2019) e recolle a totalidade da normativa en materia de planeariante urbanístico no Concello de Bergondo, facendo una relación pormenorizada tanto do planeamento que queda vixente tras a aprobación do instrumento , coma aquela que presenta carácter histórico por non ter xa vixencia, fronte a achegada anteriormente que non contiña mais a que a mera referencia as Normas de planeamento do Concello, sen relacionar o planeamento de desenvolvemento e os estudos de detalle.

Modificación Puntual sexta das NSP Concello de Bergondo. Precisión das condiciones de ordenación. Informe relativo ao período de información pública. Novembro de 2020. (paxinas 1 a 17) Adáptanse as marxes e o paxinado a indicado nas Normas técnicas. A fin de dar cumprimento ao contido do artigo 23 das normas técnicas, relativo a protección de datos nos documentos de planeamento, substitúense os nomes e apelidos dos alegantes,deixando só o nome, pola data e numero de rexistro das alegacións presentadas, para facilitar a súa correcta identificación, tratándose así os datos de xeito dissociado, de acordo co contido da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro , de protección dos datos persoais e garantía

16 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

dos dereitos dixitais

Compre manifestar que o documento que sometese novamente a aprobación plenaria, non difire en canto o seu contido urbanístico do aprobado provisionalmente polo Pleno, tratase somentes duna mera adaptación formal a fin de cumprir co exisido no título III da orde do 10 de outubro de 2019.

CONSIDERANDO

O informe técnico e xurídico de data 17.11.2020, sobre a documentación achegada, favorable a a súa conformidade co contido do título III da Orde do 10 de outubro de 2019, pola que se aproban as normas técnicas de Planeamento de Galicia, que conta, coa conformidade da Secretaria Xeral do Concello e a Interventora.

Tendo en conta, que os documentos que agora sometense a aprobación, non modifican no fondo o xa sometido a aprobación plenaria, e que somentes consiste na mera adaptación formal, cara a acadar a a oportuna aprobación definitiva do instrumento de planeamento denominado modificación puntual sexta das normas subsidiarias de Bergondo, precisión de condicións de ordenación.

Tendo en conta o contido do artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e que a competencia para a aprobación provisional é do Pleno por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2c) e artigo 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez examinado o expediente, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: *Aprobar a adaptación formal ás Normas Técnicas de Planeamento do documento aprobado provisionalmente polo Pleno, relativo a modificación puntual sexta das Normas Subsidiarias municipais do Concello de Bergondo. PRECISIÓN DAS CONDICIÓNS DE ORDENACIÓN (Expediente 2017/X999/000103, continuado en expediente núm. 2019/U032/000001) redactado pola arquitecto dona María Ríos Carballeira en base a los documentos denominados . Precisión das Condiciones de ordenación. Documento para aprobación provisional. Novembro de 2020 (páxinas 1 a 27), e Modificación Puntual sexta das NSP Concello de Bergondo. Precisión das condiciones de ordenación. Informe relativo ao período de información pública. Novembro de 2020 (páxinas 1 a 17) (Rx entrada núm. 202099900002678 , do 13.11.2020)*

SEGUNDO: *Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co artigo 60.13 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia”*

A sra. alcaldesa explica, en relación con este punto e o seguinte, que na comisión informativa a xurista de urbanismo xa explicou que o contido documental das modificacións é o xa aprobado provisionalmente neste pleno, somentes é unha adaptación formal dos documentos de planeamento a unha Orde que agora unifica formalmente a documentación nesta materia para tódolos concellos. Houbo dúbidas, por parte, no só dos técnicos municipais senón dos da propia Xunta, para saber si se tiñan que adaptar ou non os documentos dos expedientes que se houbesen aprobado inicialmente antes da citada norma.

O sr. voceiro do PP pregunta canto nos vai costar esta adaptación, e engade que denota falta coordinación xa

17 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



que a citada Orde é de outubro de 2019; e que algo debera de facer para que a empresa redactora, que tamén é a do PXOM, teña máis coidado nestes temas.

O sr. voceiro do grupo mixto, indica que vaise abster.

O sr. voceiro de AV indica que apoian a proposta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total dez (10) votos a favor e unha (1) abstención, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, segundo esixe o artigo 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría absoluta do número legal de membros da corporación**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. APROBACIÓN DA ADAPTACIÓN ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL SÉTIMA. CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS. EXPEDIENTES: 2017/X999/000101-2019/U032/000002

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-Por acordo do Pleno de data 30.07.2020, levouse a cabo a aprobación provisional da modificación puntual Sétima das Normas Subsidiarias de Planeamento de Bergondo, Corrección de erros materiais, cuxa aprobación inicial efectuouse no Pleno de data 28.02.2020

SEGUNDO.- Con fecha 25 de maio de 2020, tivo lugar a entrada en vigor da Orde de 10 de Outubro de 2019 de aprobación das normas técnicas de Planeamento de Galicia.

Dita orde , establece unha serie de directices de cumprimento obrigatorio para unificar os criterios técnicos para a elaboración dos documentos de planeamento urbanístico. Na súa disposición transitoria primeira, relativa a adaptación do planeamento , recolle ao punto 1 que ““ Aos plans aprobados inicialmente antes da entrada en vigor das normas técnicas de planeamento seralles de aplicación unicamente o disposto no título III destas normas, sen prexuízo de decidir adaptarse a elas voluntariamente. En todo caso, aqueles documentos cuxo expediente completo xa se remitise ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo para a súa aprobación definitiva non terán que adaptarse ao título III “

TERCEIRO- O 28.08.2020 (Rxe núm. 202099900001910) dona María Ríos Carballeira, achega a documentación relativa a Modificación puntual sétima, Corrección de erros materiais, coas modificacións



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

necesarias para dar cumprimento ao contido do título III da orde do 10 de Outubro de 2020, polo que se aproban as Normas Técnicas de Planeamento de Galicia. A documentación achegada é a seguinte

Anexo 6 : Modelo de extracto ambiental. Dito anexo presentase en cumprimento do artigo 25 da Orde do 10.10.2019

Anexo 7 : Ficha da vixencia do planeamento do Concello tras a aprobación do documento en tramitación. Dito anexo achegase en cumprimento do contido do artigo 26 da Orde do 10.10.2019

Modificación Puntual das NSP Concello de Bergondo. Corrección de Erros .Informe relativo ao período de información pública. Xuño 2020, coas marxes axeitadas indicados no artigo 22.4 da Orde do 10.10.2019

Modificación Puntual das NSP Concello de Bergondo. Corrección de Erros Materiais. Documento para aprobación provisional . Xuño de 2020, coas marxes axeitados indicados no artigo 22.4 da Orde do 10.10.2019

CUARTO- O 13.11.2020 (Rxe núm. 202099900002679) dona María Rios Carballeira achega a documentación corrixida a fin de dar cumprimento as esixencias da Consellería de Medio ambiente Territorio e Vivenda, en relación ao cumprimento das Normas Técnicas de Planeamento consistentes no seguinte .

Modificación Puntual das NSP Concello de Bergondo. Corrección de Erros Materiais. Documento para aprobación provisional . Novembro de 2020(paxinas 1 a 23) Adáptanse as marxes e o paxinado a indicado nas Normas técnicas. Pola súa banda, inclúese o anexo 6, denominado “Modelo de extracto ambiental”(artigo 25 da Orde do 10 de outubro de 2019), formando parte da memoria e non coma documento independente, inseríndose na parte final, antes dos créditos. A ficha de vixencia do planeamento , adaptase ao formato relacionado nas Normas técnicas como anexo número 7, (artigo 26 da Orde do 10 de outubro de 2019) e recolle a totalidade da normativa en materia de planeamiento urbanístico no Concello de Bergondo, facendo una relación pormenorizada tanto do planeamento que queda vixente tras a aprobación do instrumento , coma aquela que presenta carácter histórico por non ter xa vixencia, fronte a achegada anteriormente que non contiña mais a que a mera referencia as Normas de planeamento do Concello, sen relacionar o planeamento de desenvolvemento e os estudos de detalle.

Modificación Puntual das NSP Concello de Bergondo. Corrección de Erros .Informe relativo ao período de información pública. Novembro de 2020. (paxinas 1 a 13) Adáptanse as marxes e o paxinado a indicado nas Normas técnicas.

Compre manifestar que o documento que sometese novamente a aprobación plenaria, non difire en canto o seu contido urbanístico do aprobado provisionalmente polo Pleno, tratase somentes duna mera adaptación formal a fin de cumprir co exisido no título III da orde do 10 de outubro de 2019.

CONSIDERANDO

O informe técnico e xurídico de data 17.11.2020, sobre a documentación achegada, favorable a a súa conformidade co contido do título III da Orde do 10 de outubro de 2019, pola que se aproban as normas técnicas de Planeamento de Galicia, que conta, coa conformidade da secretaria Xeral do Concello e a

19 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



Interventora.

Tendo en conta, que os documentos que agora sometense a aprobación, non modifican no fondo o xa sometido a aprobación plenaria, e que somentes consiste na mera adaptación formal, cara a acadar a a oportuna aprobación definitiva do instrumentos de planeamento denominado modificación puntual sétima das normas subsidiarias de Bergondo, “ Corrección de Erros”;

Tendo en conta o contido do artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e que a competencia para a aprobación provisional é do Pleno por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade cos artigos 22.2c) e artigo 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez examinado o expediente, proponse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar a adaptación formal ás Normas Técnicas de Planeamento do documento aprobado provisionalmente polo Pleno, relativo a modificación puntual Sétima das Normas Subsidiarias municipais do Concello de Bergondo. CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS (Expediente 2017/X999/000101, continuado en expediente núm. 2019/U032/000002) redactado pola arquitecto dona María Ríos Carballeira en base a los documentos denominados. Modificación Puntual das NSP Concello de Bergondo. Corrección de Erros Materiais. Documento para aprobación provisional. Novembro de 2020. (páxinas 1 a 23), e Modificación Puntual das NSP Concello de Bergondo. Corrección de Erros Materiais. Informe relativo ao período de exposición pública. Novembro de 2020.(paxinas 1 a 13) (Rx entrada núm. 202099900002679 , do 13.11.2020)*

SEGUNDO: *Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co artigo 60.13 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.”*

Non suscitándose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total dez (10) votos a favor e unha (1) abstención, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, segundo esixe o artigo 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría absoluta do número legal de membros da corporación**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

9. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1178/2020 SOBRE DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021. EXPEDIENTE_2020/X998/000496

Dáse conta do ditame favorable, por unanimidade de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

“Con data 25 de setembro de 2020, e núm. rexistro de entrada 20199000000757, recibíuse un escrito do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Delegación Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, en relación co Calendario Laboral para o ano 2021 na Comunidade Autónoma de Galicia, e co obxecto de determinar os dous días que no ámbito deste termo municipal serán festas locais, e, polo tanto, terán carácter retribuído e non Recuperable para o vindeiro ano 2021; o acordo adoptado deberá remitirse antes do 30 de outubro ao citado Servizo.

Considerando que o Pleno ordinario do mes de setembro celebrouse o pasado día 24 do citado mes, e que non correspondía a celebración de pleno ordinario no mes de outubro, senón no mes de novembro, en concreto o día 26, estariase fóra do prazo outorgado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Considerando que os festivos a sinalar polo Concello de Bergondo o vindeiro ano, coincidirían cos que tradicionalmente se fixan cada ano pola Corporación, por resolución da alcaldía núm. 1178/2920, do 20 de outubro, resolveuse:

“**PRIMEIRO.** Determinar como días festivos locais no Concello de Bergondo para o ano 2021, os seguintes:

.- 16 de febreiro, martes de Entroido.

.- 16 de agosto

SEGUNDO. Remitir unha certificación deste acordo ao Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Delegación Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade,

TERCEIRO. Someter o presente acordo á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que éste celebre e dar traslado do correspondente acordo ao Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Delegación Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.”

Considerando o disposto no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. Ratificar o contido íntegro da Resolución da alcaldía núm. 1178/2020, do 20 de outubro, polo que se determinan os días festivos locais no Concello de Bergondo para o ano 2021.

Bergondo, 21 de outubro de 2020

A alcaldesa-presidenta. Alejandra Pérez Máquez”

A sra. alcaldesa indica que son os días que habitualmente se declaran festivos neste concello.

O sr. voceiro do PP prega que algunha vez se poidan declarar festivos algúns dos patróns de Bergondo.

Non suscitándose máis intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

10. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER #CONCELLOS GALEGOS



#POLOBOTRATO

Dáse conta da declaración institucional ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“Os concellos galegos manifestamos o noso rexeitamento ante todo tipo violencia, e de xeito específico, o noso compromiso coa erradicación da violencia exercida contra as mulleres; drama que coñecemos ben a través dos 82 CIMs que compoñen a rede municipal de atención á muller na nosa comunidade autónoma. Un estudo da Federación Galega de Municipios e Provincias vén de amosar que o ano pasado 16.000 galegas solicitaron atención nos nosos centros. ¿Cantas máis non chegan ás nosas portas e seguen a sufrir maltrato?

Precisamos reforzar os plans de prevención e de resposta, dotalos axeitadamente de fondos, recursos humanos e materiais, e sobre todo, que as vítimas sintan que os nosos servizos de asistencia e protección están aí para elas e poidan reunir as forzas para pedir axuda. Estas necesidades sempre deben ser prioritarias, pero que neste intre son unha emerxencia maior:

A COVID19 fai que corran tempos duros de estrés económico e psicolóxico. Cada unha destas tensións é de por si un perigoso detonante de condutas irracionais como o machismo e o maltrato, e a combinación das mesmas multiplica a ameaza. Por se isto fora pouco, as restricións para combater esta crise sanitaria son para moitas vítimas do maltrato un pesadelo peor que o propio coronavirus, xa que ditas medidas obrigan a reducir ao máximo as relacións sociais e a permanecer no círculo familiar máis estreito, é dicir, a ficar máis illadas co seu maltratador. Cómpre, dende as nosas competencias e responsabilidade, pór todos os medios para evitalo.

As políticas de prevención, vixilancia e auxilio ante o maltrato son a primeira liña de batalla. Pero non se pode perder de vista que o obxectivo final é erradicar o xerme: a mentalidade que fai distincións entre homes e a mulleres en lugar de considerar a todos por igual como o que son: persoas. Esta discriminación –xerada, mantida e defendida por unha tradición de machismo dominante–, é o grillete que impide á muller ocupar na sociedade o espazo que lle corresponde por dereito propio. Os teitos de cristal e a discriminación laboral e salarial son difíciles de probar, pero existen. Por ese machismo, a muller segue a quedar enmudecida fóra de órganos de decisión, cando o que a sociedade necesita é darlle voz e enriquecerse coas súas aportacións. Como a brillante Concepción Arenal sinalara hai case dous séculos, “a sociedade non pode en xustiza prohibir o exercicio honrado das súas facultades á metade do xénero humano”. Pero ademais de minar o dereito a un traballo digno ou unha carreira profesional, as trabas laborais comprometen a independencia de moitas mulleres, abocándoas unha vez máis a elas e aos seus fillos e fillas, a calellas sen saída co seu maltratador.

O maltrato é froito dun comportamento, e a mellor ferramenta para prevelo é a concienciación; que os propios homes non só non conciban a violencia senón que teñan a vontade de combatela. A promoción da igualdade real entre mulleres e homes é un reto que debe asumir a sociedade en xeral pero, por ser os máis próximos ás persoas, os gobernos locais temos un papel decisivo. É fundamental traballar na educación e a concienciación da cidadanía, aplicando a perspectiva de xénero en todas as nosas políticas e accións. Por iso, dende o municipalismo, facemos un chamamento a todas as institucións locais, para que no seu día a día aproveiten a oportunidade que teñen de traballar #PoloBoTrato e sigan o decálogo de boas prácticas



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

elaborado pola nosa Federación e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Daquela, avancemos nesa busca da igualdade real entre homes e mulleres: #PoloBoTrato comprometámonos a:

1. **Empregar** linguaxe libre de connotacións sexistas
2. **Integrar** a perspectiva de xénero nas nosas decisións
3. **Difundir** unha imaxe non sexista da muller
4. **Traballar** na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova
5. **Fomentar** a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes
6. **Identificar e emendar** as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres
7. **Respectar** a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal
8. **Promover** unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal
9. **Rexeitar** a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller
10. **Prestar especial atención** ás mulleres en situación de vulnerabilidade”

Os/as concelleiros/as manifestan, **unanimemente, o seu total acordo coa declaración asinada.**

11. MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN PLANTILLA PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL CONCELLO DE BERGONDO ANO 2020

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“En data 4 de novembro de 2020, tivo lugar a xubilación do funcionario de carreira que ocupaba un posto de administrativo e que tiña adscritas as funcións de tesourería polo seu nomeamento como tesoureiro en funcións. Tendo en conta este feito e para facer constar na plantilla a existencia da praza vacante para a súa posterior convocatoria, procede a modificación e actualización da mesma, modificando o estado e situación actual, quedando a mesma como segue, unha vez negociada a mesma na Mesa de Negociación celebrada o día 20 de novembro de 2020:

PLANTILLA DO CONCELLO DE BERGONDO. ANO 2020

I.- FUNCIONARIOS

Posto de traballo	Dot	Grupo	Escala	Subescala	Estado	Situación actual
--------------------------	------------	--------------	---------------	------------------	---------------	-------------------------



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Secretaria	1	A1	Habilitación estatal	Entrada	Cuberta	Propiedade
Interventora	1	A1	Habilitación estatal	Entrada	Cuberta	Propiedade
Tesoureiro/a	1	A1	Habilitación estatal	Entrada	Vacante	Vacante*
Técnico de Admón. Xeral	1	A1	Admón. xeral	Técnica	Vacante	Interinidade
Arquitecto	1	A1	Admón. especial	Técnica	Vacante	Interinidade
Responsable oficina técnica	1	A2	Admón especial	Técnica	Cuberta	Propiedade
Técnico medio	1	A2	Admón especial	Técnica	Vacante	Persoal laboral temporal
Traballador/a social Coordinación	1	A2	Admón especial	Técnica	Cuberta	Propiedade
Traballador/a social	1	A2	Admón especial	Técnica	Vacante	Interinidade
Técnico/a de Apoio Social	1	A2	Admón especial	Técnica	Vacante	Persoal laboral temporal
Técnico Cultura e deportes	1	A2	Admón. xeral	Xestión	Vacante	Vacante
Técnico Xuventude e Educación	1	A2	Admón. xeral	Xestión	Vacante	Persoal laboral temporal
Técnico/a Integración Social	1	C1	Admón especial	Técnica	Vacante	Persoal laboral temporal
Animador/a cultural	1	C1	Admón especial	Técnica	Vacante	Persoal laboral temporal
Auxiliar arquivo	1	C1	Admón xeral	Administrativa	Vacante	Persoal laboral temporal
Oficial Administrativo	2	C1	Admón xeral	Administrativa	Cuberta	Propiedade
Oficial Administrativo/a	1	C1	Admón xeral	Administrativa	Vacante	Vacante
Oficial Administrativo	1	C1	Admón xeral	Auxiliar	Vacante	Interinidade (a amortizar)
Oficial Administrativo Contratación	1	C2	Admón xeral	Auxiliar	Vacante	Persoal laboral temporal
Oficial Administrativo	3	C2	Admón xeral	Auxiliar	Cuberta	Propiedade
Oficial Administrativo Intervención	1	C2	Admón xeral	Auxiliar	Cuberta	Propiedade
Oficial Administrativo	2	C2/C1	Admón xeral	Auxiliar	Vacante	Vacante
Oficial Administrativo	3	C2	Admón xeral	Auxiliar	Vacante	Persoal laboral temporal
Oficial Administrativo	1	C2	Admón xeral	Auxiliar	Vacante	Interinidade
Auxiliar Administrativo Biblioteca	1	C2	Admón xeral	Auxiliar	Vacante	Persoal laboral temporal
Oficial Xefe Policía Local	1	C1	Admón. especial	Servizos especiais	Cuberta	Propiedade



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

<i>Policía Local</i>	3	C1	<i>Admón. especial</i>	<i>Servizos especiais</i>	<i>Cuberta</i>	<i>Propiedade</i>
<i>Policía Local</i>	1	C1	<i>Admón. especial</i>	<i>Servizos especiais</i>	<i>Vacante</i>	<i>Vacante</i>

* Nomeamento tesoureira en funcións por Resolución de Alcaldía núm. 1218/2020, de data 4 de novembro de 2020

II. PERSOAL LABORAL FIXO

Posto de traballo	Grupo	Praza	Titulación / Categoría laboral	Estado	Situación actual
<i>Capataz encargado</i>	IV	1	<i>Graduado E.S.O ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Operario Servizos Varios</i>	IV	2	<i>Graduado E.S.O ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Operario Servizos Varios</i>	V	2	<i>Certificado de estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Cuberta</i>	<i>Propiedade</i>
<i>Operario Servizos Varios</i>	V	2	<i>Certificado de estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Operario Servizos Varios</i>	IV/V	3	<i>Graduado E.S.O, certificado de estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Vacante</i>
<i>Auxiliar de axuda no fogar</i>	V	4	<i>Certificado estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Conserxe Centro Cultural</i>	V	1	<i>Certificado estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Conserxe Centro Médico</i>	V	1	<i>Certificado estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Conserxe Colexio Público</i>	V	1	<i>Certificado estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Conserxe Polideportivo</i>	V	1	<i>Certificado estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Limpiador/a</i>	V	1	<i>Certificado estudos primarios ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Persoal laboral temporal</i>
<i>Informático (media xornada)</i>	III	1	<i>Bacharelato ou equivalente</i>	<i>Vacante</i>	<i>Vacante</i>



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Polo antedito, propónse ó Pleno da Corporación como órgano competente para a súa aprobación en virtude do establecido no artigo 22.2 i) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, a adopción do seguinte acordo:

- 1) Aprobación da modificación e actualización da Plantilla de Persoal, funcionario e laboral.*
- 2) Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións.*
- 3) Que no suposto de que non se presentasen reclamacións, considerarásese definitivamente aprobada, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, noutro caso, procederáse segundo o establecido no artigo 169.1 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

*Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa
Asdo. Alejandra Pérez Máquez”*

A sra. alcaldesa indica que a actualización da plantilla viría co Orzamento, pero como éste vaise retrasar un pouco, compre aprobar esta modificación da plantilla para poder ofertar as prazas vacantes canto antes.

O sr. voceiro do grupo do PP indican que vaise abster, ao igual que o sr. voceiro do grupo mixto.

O sr. voceiro de AV amosa o apoio á proposta

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) abstencións; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total seis (6) votos a favor e cinco (5) abstencións.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** a moción ditaminada que devén en acordo nos termos antes transcritos.

12. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE CREACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EN GUÍSAMO

Dáse conta da moción, coa emenda engadida do grupo municipal de alternativa dos veciños, ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Creación de prazas de aparcamento en Guísamo”.

26 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tradicionalmente, o tramo máis urbano da N-VI en Guísamo é o punto de maior concentración de pequeno comercio da nosa localidade. Nos últimos tempos esta zona viu como aumentaban os seus servizos ata converterse nunha importante area comercial aberta, sobre todo coa última apertura de varios negocios agrupados no Mercado, o supermercado ... que atraen a gran cantidade de persoas a comprar aquí.

Hai momentos ao longo do día, sobre todo polas mañás, que atopar aparcamento cerca destes establecementos convertese nunha tarefa complicada, e normalmente a clientela que soe acudir non pode ir cargada co peso que supón a compra.

Dende o BNG consideramos que a administración municipal debe facer o posible para facilitar as compras a veciñanza de Bergondo e doutros lugares que se desprazan ata aquí, axudando así a economía local, e o aparcamento é unha delas; na mesma zona atopámonos cun par de parcelas que están libres de calquera tipo de construción e o seu estado é bastante óptimo, e que poderían axudar a aliviar a carencia de espazos para aparcar, máxime cando moita xente da que para a comprar é xente de paso que senón atopan aparcamento facilmente iranse a outros lugares.

Según os nosos cálculos, chegando a un acordo coa propiedade destas parcelas (adxuntanse referencias catastrais das mesmas) e un acondicionamento mínimo das mesmas poderíanse chegar a crear case un cento de prazas de aparcamento a maiores, o cal sería de gran importancia para a actividade comercial da zona.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar ao Goberno Local a iniciar conversas coa propiedade destas dúas parcelas referenciadas, co fin de chegar a un acordo coas mesmas para o seu acondicionamento como aparcamento público.

2.- Instar ao Ministerio de Fomento a que estude a viabilidade de levar a cabo as actuacións que se detallan a continuación na NVI en Guísamo, no tramo comprendido entre a intersección coa estrada de Cambre (AC214) e o punto concreto situado a carón do almacén de froita “Eurofruit”:

a) Construción dunha glorieta no punto de estrada colindante co almacén de froita “Eurofruit” e a ponte da AP9. Isto posibilitaría articular e facer pivotar o tráfico de Guísamo na nova rotonda e na xa prevista para a intersección coa estrada de Cambre (AC214)

b) Coa creación dese circuito de glorietas poderíanse suprimir tanto a incorporación como a saída de San Paio (DP0810), ademais de toda a illeta central pintada neste tramo de estrada. Do mesmo modo suprimiríanse viraxes á esquerda xa a día de hoxe desaconsellables e limitaríase a velocidade de tránsito polo núcleo central de Guísamo de xeito eficaz.



c) Como consecuencia directa de todo o anterior poderíase gañar moito espazo novo para aparcamento nesas beiravías notablemente ampliadas.

3.- Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo.

Bergondo, 16 de novembro de 2020”

A sra. Alcaldesa, na liña do manifestado na comisión informativa, alegrámonos da boa acollida dos comercios, e é certo que hai un problema de aparcamento na zona; entende que das dúas parcelas que se propoñen, unha xa é o aparcamento dun negocio, e non ten moito uso; e a outra, é un pouco pequena. Sería unha pequena solución. E a proposta que ven da emenda do grupo de AV, é unha demanda veciñal trasladada a Fomento, pero non é a curto prazo e non depende a súa execución de concello; e cre que a solución debера de ir a través do PXOM, aínda así apoian a moción.

O sr. voceiro do PP, indica que parécelles ben a proposta, en Guísamo a Nacional VI é una vía urbana; as parcelas, aínda que que sexan pequenas é un servizo para os veciños, aínda que sexa temporal; e a rotonda que propón AV nos parece ben, outra cousa é o retraso de Fomento. É partidario de non esperar polo PXOM in por Fomento.

O sr. Voceiro de AV, dí que Guísamo de facto é unha travesía, aínda que non estea así declarada; hai que tentar o das parcelas. Engade que cren na alternativa que presentan sobre a rotonda, coincide con que os prazos vcon Fomento hai que armarse de paciencia.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total once (11) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** a moción ditaminada que devén en acordo nos termos antes transcritos.

13. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE REACTIVACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Reactivación da asistencia sanitaria”



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión dos 11 anos de recortes aos que someteu o PP ao sistema sanitario.

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como porta de entrada, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan. Diante da pandemia a Xunta tomou a decisión de reducir drasticamente a asistencia presencial, o peche de consultorios, algúns centros de saúde e PACs, restrinxir consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas nos hospitais.

A decisión que tomou o Sergas foi que a atención se centraran preferentemente na consulta telefónica, isto está ocasionando moitas dificultadas tanto xs profesionais para poder prestar a asistencia sanitaria como no acceso da poboación á mesma.

Á situación de sobrecarga de traballo que padecían xs profesionais da Atención Primaria previa ao coronavirus fóronlle engadindo tarefas de diagnóstico, seguimento, illamento, identificación por coronavirus e funcións de rastrexo.

Unha sobrecarga da atención telefónica e da carga burocrática: teléfonos colapsados, o persoal administrativo, ..., soportando unha presión tremenda, é imposible xestionar tanta chamada como a que se produce.

As consecuencias son desastrosas, escasísimos profesionais, que están ao límite, cun esgotamento físico e mental insoportábel, listas de espera de semanas, incluso para unha consulta telefónica, doentes crónicos descompensados (persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais, controis de saúde de pediatría con moitas demoras) persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros.

As demoras para acceder ás prestacións hospitalarias (consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas) que xa eran tremendamente altas, non fan máis que aumentar; seguen sen publicarse as listas de espera que tiñan que terse feito públicas no mes de xullo.

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e desprotección da poboación con menos recursos.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...

É preciso desconfinar a sanidade pública e reactivar a atención presencial con máis persoal, máis información e máis accesibilidade,

É preciso dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Que o Concello de Bergondo inste a Xunta a:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- 1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial en Atención Primaria para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación. Establecer protocolos claros e unificados para a atención presencial de doentes para toda a Atención Primaria.
 - 2.- Aumentar nos centros de saúde co número de profesionais que sexa preciso para permitir aumentar o tempo e a calidade da atención asistencial así como incorporar as categorías profesionais imprescindibles para formar equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral: psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos...
 - 3.- Aumentar os orzamentos destinados a Atención Primaria até chegar ao 25%, no inmediato 200 millóns de euros.
 - 4.- Modificar o Decreto que regula as Areas e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.
 - 5.- Publicar de inmediato a situación das listas de espera hospitalarias e poñer en marcha un plan de choque para reducilas.
- 2.- Facultar á Alcaldía e concelleira/o en quen delegue a tomar cantas medidas sexan necesarias para cumprir este acordo.

Bergondo, 16 de novembro de 2020”

O sr. Voceiro do grupo mixto engade que é preciso desconfinar a atención presencial nos centros de saúde, xa que a atención primaria é a porta de entrada á saúde e a atención telefónica ten moitas carencias para varios tipos de usuarios.

A sra. Alcaldesa é certo que é importante reactivar a atención primaria, non só a presencial, pero moitas consultas poden ser atendidas telefonicamente, xa que así se protexen ao persoal sanitario; é un sistema mixto que pode ser compatible. Pero hai carencias nos nosos centros saúde, a nivel de persoal e de equipamentos, e así o temos trasladado ao Sergas, quen debe mellorar os equipos humanos. O voto vai ser favorable con estes matices.

O sr. voceiro do PP dí que o 7 de abril deste ano o Ministerio de Sanidade decretou o desconfinamento total dos centros de saúde de atención primaria para evitar os contaxios, aí se activou a atención telefónica, que resolveu o que se puido resolver nun estado de pandemia; a Xunta de Galicia acaba presupostar 1200 prazas de enfermeiros e máis material para os centros. Ata o de agora era o que tiñamos que facer, a partir de agora coa vacina, debemos de empezar a desconxestionar os centros de saúde; pero ningunha comunidade ten aberta a atención primaria. O seu voto vai ser en contra.

O sr. voceiro de AV, dí que coas debidas garantías sanitarias son firmes defensores da atención presencial en todo o sector público, e por suposto, con máis necesidade, na atención primaria; ás veces os profesionais non poden ter unha información certa da situación do doente telefonicamente; o sector médico pode extraer moita información pola observación. O noso voto vai ser favorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto a favor;

30 (43)

PL 26/11/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)



grupo mixto: un (1) voto a favor. Total sete (7) votos a favor e catro (4) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobada, por maioría de votos a favor, a moción ditaminada que devén en acordo nos termos antes transcritos.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A GARANTÍA DA PROPIEDAD PRIVADA E CONTRA A OCUPACIÓN ILEGAL DAS VIVENDAS

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento DE BERGONDO conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La ocupación ilegal de viviendas, según los últimos datos publicados, ha crecido un 58% en los últimos cinco años pasando de 7.739 casos denunciados en 2013 a 12.214 en 2018.

Solamente entre los meses de enero y junio de 2020 se han registrado 7.450 denuncias por ocupación, un 5% más que en el mismo periodo del año pasado, según datos del Ministerio del Interior. De media, se producen 41 denuncias diarias por ocupación ilegal de inmuebles.

Los cálculos estiman que hay un mínimo de 87.000 viviendas ocupadas ilegalmente en España a las que habría que sumar aquellas cuya ocupación no se ha denunciado.

En nuestro Concello de Bergondo también se da este fenómeno de la ocupación ilegal, con varias casas ocupadas en distintas parroquias a día de hoy.

Estos datos nos muestran cómo la ocupación ilegal es un problema creciente en nuestro país y en nuestro Concello que no solamente ataca el derecho a la vivienda y a la propiedad privada recogidos en la Constitución Española (artículos 47 y 33 respectivamente) sino que, además, altera gravemente la convivencia vecinal y pone en serio riesgo la seguridad e integridad de personas y bienes.

Esta alteración de la convivencia vecinal se produce por la proliferación de bandas organizadas que se dedican a ocupar inmuebles para alquilarlos de forma ilegal a personas o familias en situación de vulnerabilidad o para conseguir del legítimo propietario dinero a cambio de desalojar la vivienda usurpada ilegalmente.

En los últimos años, se han producido avances legislativos en la lucha contra la ocupación ilegal de viviendas como ocurrió en 2018 a través de la Ley 5/2018 que modificó la Ley 1/2000 de Enjuiciamiento Civil en relación con la ocupación ilegal de viviendas acortando plazos y agilizando procedimientos.



Pero es necesario, a la vista de las cifras anteriormente mencionadas, reforzar el ordenamiento jurídico para que los ocupas no puedan ampararse en ningún vacío legal y proteger y garantizar de manera contundente la propiedad privada, la convivencia y la seguridad jurídica además de luchar activamente contra las mafias que han hecho de la ocupación ilegal su negocio.

Para ello, el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso de los Diputados ha presentado una Proposición de Ley Orgánica que, por un lado, refuerza el concepto de domicilio pero ligado al del legítimo propietario, poseedor o titular de un derecho sobre la cosa inmueble, frente a quien ocupa sin título y sin tolerancia del primero.

Y por otro lado, define por primera vez de manera inequívoca qué es la ocupación ilegal: “la tenencia o disfrute de cosa inmueble ajena, sin pago de renta o merced, ni razón de derecho, que no se encuentra amparada en la mera liberalidad o tolerancia del propietario o poseedor real”.

Esta proposición de Ley introduce medidas como que la autoridad pública o sus agentes podrán desalojar las viviendas ocupadas ilegalmente en un plazo de 12 horas sin necesidad de esperar meses; considera nula la inscripción en el Padrón municipal cuando la persona inscrita sea un ocupa ilegal; agiliza el proceso penal para juzgar este tipo de delincuencia y regula nuevas penas para quienes fomenten la ocupación ilegal y si estas personas son responsables políticos incluye una inhabilitación de 15 años para ejercicio de cargo público.

Además, esta proposición de Ley refuerza los medios de los que disponen las comunidades de propietarios para combatir la ocupación ilegal, y las negativas consecuencias que tiene para la convivencia y la seguridad de los vecinos, que podrán adoptar medidas preventivas tales como tapiar o cerrar puertas o ventanas.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento DE BERGONDO presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

- 1. Manifiestar el firme compromiso del Ayuntamiento DE BERGONDO con la defensa del derecho a la propiedad privada y la lucha contra ocupación ilegal de viviendas. Un compromiso que es compatible con el apoyo y protección a aquellos vecinos y familias que se encuentran en situación de emergencia social, vulnerabilidad o exclusión social por motivo de vivienda.*
- 2. Instar al gobierno de España a aprobar de manera urgente una ley que garantice el derecho constitucional a la propiedad privada y combata eficazmente la ocupación ilegal de viviendas.*
- 3. Apoyar las modificaciones legales y las medidas incluidas en la Proposición de Ley Orgánica contra la ocupación ilegal y para la convivencia vecinal y la protección de la seguridad de las personas y cosas en las comunidades de propietarios presentada por el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso de los Diputados. Dar traslado de este acuerdo al Ministro de Justicia y a la Presidenta y portavoces de los grupos políticos con representación en el Congreso de los Diputados.*

En BERGONDO, a 20 de NOVIEMBRE de 2020.



EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO”

O sr. voceiro do PP dí que do que se trata é de protexer a propiedade privada das ocupacións ilegais das vivendas.

A sra. alcaldesa está a crear o PP un problema onde non o hai. Hai que distinguir a usurpación das vivendas baleiras e o alleamento de morada; a data de hoxe, polos datos que temos, en Bergondo non consta denuncias dos propietarios; pode haber morosos nas vivendas que non estar a pagar as rendas, e que poden estar a espera de desafiuzamentos. Non hai ocupación de vivendas no noso concello. Cos mecanismos cos que contan as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado están lexitimados para actuar xa. Recorda que non deixan de defender a propiedade privada e cren que isto alarma sen fundamento.

O sr. voceiro do grupo mixto indica que está a favor da propiedade privada e que hai que diferenciar as bandas organizadas da xente desafiuzada porque o banco se queda coa súa vivenda, entidades financeiras que fixeron cartos especulando con elas. O máis importante sería unha lei que garanta o dereito a unha vivenda digna que reconece a Constitución.

O sr. voceiro do grupo de AV dí que máis que legislar máis, ao mellor hai que poñer en marcha os mecanismos xa existentes, para impedir ou corrixir estas situacións e máis alá de deixar claro que estamos a favor da propiedade privada porque ademáis é un dereito constitucional, e non se debe confundir isto cos desafiuzamentos; ninguén ten dereito a usurpar vivendas alleas, sen negar o problema é un problema inchado ata o extremo, polo PP e polos medio de comunicación.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total sete (7) votos en contra e catro (4) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ADOPCION DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS EN DEFENSA DOS AUTÓNOMOS E DAS PEMES AFECTADOS POLAS RESTRICCIÓNS IMPOSTAS POLA CRISE SANITARIA DERIVADA DO COVID-19

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“O Grupo Municipal Popular no Concello de Bergondo de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado mes de outubro rexistrouse en España, e na maioría dos países europeos, unha tendencia ascendente no número de casos de COVID-19. O incremento da transmisión está afectando a grupos de poboación de risco, que presentan unha maior probabilidade de hospitalización e falecemento.

A Xunta de Galicia, desde a declaración de situación de emerxencia sanitaria de data 13 de marzo de 2020, está dando resposta a esta crise sanitaria adoptando, ao abeiro da lexislación sanitaria, medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes do Conselleiro de Sanidade, en atención á evolución territorial da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Coa finalidade de reverter a tendencia ascendente desta enfermidade e evitar acadar un nivel de sobrecarga do sistema sanitario como o que se experimentou na primeira vaga da pandemia, o 25 de outubro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Neste Real Decreto, con vixencia prorrogada ata o 9 de maio de 2020, habilítanse aos presidentes das Comunidades Autónomas, como autoridades competentes delegadas, a adoptar medidas limitativas da circulación de persoas en horario nocturno, da entrada e saída de persoas do territorio autonómico, da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados, así como aquelas outras que se estimen necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

Neste contexto normativo derivado do vixente estado de alarma, e ante a evolución da situación epidemiolóxica, o presidente da Xunta de Galicia, como autoridade competente delegada, adoptou os Decretos 178/2020, 179/2020 e 181/2020 e 182/2020. Nestes decretos e nas ordes complementarias da Consellería de Sanidade recóllense unha serie de medidas recomendadas polos expertos do Subcomité clínico, que implican para os habitantes do noso concello unha serie de limitacións na súa liberdade de desprazamento, así como na permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados.

A crise económica, derivada desta crise sanitaria e das restricións impostas para conter a pandemia, teñen un fondo impacto económico social. Por iso, o Goberno galego estivo desde o primeiro día ao carón dos sectores máis castigados apoiándoos con feitos: axudas ao ocio nocturno; incentivos para o sector do comercio, o turismo e os servizos; anticipos de nóminas de ERTes; plan de dixitalización para as Pemes e autónomos; iniciativas para potenciar o consumo no comercio ou na automoción; o Plan de Reactivación do sector cultural, o Cheque Autónomo ou o Plan de rescate para manter a actividade económica de 50.000 autónomos.

Así mesmo, continuando con estas medidas de recuperación da economía e de mantemento do do emprego nos sectores máis afectados pola Covid-19, o pasado 12 de novembro o Consello da Xunta aprobou destinar 10 millóns de euros a unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, microempresas e Pemes. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos. E no relativo ao sector da hostalería, neste mesmo de novembro porase en marcha un paquete específico de axudas -compatible coas dúas liñas do plan de rescate de autónomos, microempresas e Pemes- que se está ultimando en diálogo



permanente cos seus representantes.

Así e todo, todas as administracións debemos continuar afondando nesta liña de apoio a todos os sectores e colectivos máis afectados, implementando dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

En definitiva, o noso Concello debe traballar, coa máxima lealdade e coordinación coas restantes administracións, sendo sensible as graves dificultades económicas que están sufrindo moitos autónomos e Pemes dedicados a servizos como os do comercio ou a hostalería, entre outros, que viron reducido dun xeito importante o seu nivel de facturación. É urxente que todas as administracións, cada unha dende o seu ámbito competencial, adoptemos medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica.

Dende este Concello tamén debemos achegar liquidez a estas Pemes e autónomos, minorar a carga impositiva que están soportando, establecer unha moratoria no pago de determinados tributos, apoiar institucionalmente ao tecido produtivo local e axilizar ao máximo a tramitación administrativa de licenzas ou a adaptación das mesmas, así como os prazos de pago aos provedores e co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Bergondo presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para os autónomos e Pemes con domicilio fiscal no noso Concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais serán compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.*
- 2. Destinar parte dos fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generation Europe ao apoio aos autónomos e Pemes especialmente paralizados no Concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.*
- 3. Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre bens inmoables, actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal. No caso do IBI só se beneficiarían as persoas físicas ou xurídicas nas que concorra a dobre condición de titular do ben inmoable e responsable da actividade económica afectada polas restricións sanitarias.*

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ou pola utilización privativa e o aproveitamento especial de dominio público municipal establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e Pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

4. *Proceder á devolución das taxas municipais que gravaron as terrazas desde o 13 de marzo de 2020, así como das contías do Imposto sobre construción, instalación e obras (ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.*
5. *Flexibilizar temporalmente o uso e ocupación da vía pública permitindo unha ampliación dos espazos habilitados para a ocupación de terrazas por parte dos locais de hostalería, así como a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno (calefactores, cubertas, etc).*
6. *Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou Pemes.*
7. *Realizar unha campaña institucional de apoio ao comercio, hostalería e do sector empresarial local.*

En Bergondo, a 20 de Novembro de 2020”

O sr. voceiro do PP, resume que son sete propostas que algunhas se están a facer, pero noutras sumarnos a facelas, para flexibilizar as necesidades dos autónomos nesta situación de pandemia.

A sra. alcaldesa-presidenta, o único que está ben desta moción é o principio; cando xa falan das contías postas, a Xunta destinou 17 millóns, cando a Deputación xa puxo 10 millóns e coas achegas dos concellos da provincia chégase a 14 millóns de euros; sobre a partida específica, xa o fixemos, e vostedes non votaron a favor. Adiántanse indicando que os concellos imos recibir fondos do *Next Generation Europe* cando o único seguro é que os recibirán as comunidades autónomas; sobre as ordenanzas fiscais este concello optou por conxelalas; e sobre os servizos de subministro de augas, recollida de lixo... ao non xestionalo directamente o concello optouse por incluír estes gastos dentro dos custos subvencionables; non hai taxas por terrazas e as terrazas que hai en Bergondo, están en terreos privados. E axilizar os pagos, xa se está a facer. Polo que non imos apoiar unha moción que xa se está facer.

O sr. voceiro do grupo mixto, sen estar en desacordo coa proposta, é extemporánea porque fala de medias xa faladas hai meses.

O sr. Voceiro de AV, dí que polo xa falado, non ven razóns para apoiala, polo xa dito, polo que o noso voto vai ser en contra.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: unha (1) abstención. Total seis (6) votos en contra, catro (4) votos a favor e unha (1) abstención.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes



transcrita.

16. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INCLUIR NAS ACTIVIDADES DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO A AUTÓNOMOS E PEMES LOCAIS

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“El Grupo Municipal del Partido Popular en el Concello de Bergondo DE BERGONDO conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Los Contratos del Sector Público en España están regulados en nuestra legislación por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprobó el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (de aquí en adelante RDL 3/2011). Los contratos menores, según indica el RDL 3/2011, se pueden adjudicar directamente a cualquier empresario con capacidad de obrar siempre y cuando éste cuente con la habilitación profesional necesaria para llevar a cabo la prestación, siendo su importe inferior a 50.000 € (IVA no incluido) cuanto sean contratos de obras, e inferior a 18.000 € (IVA no incluido) en caso de contratos de suministro o servicios. No pudiendo tener este tipo de contrato una duración superior a un año ni ser objeto de prórroga. Así pues, podemos afirmar que la contratación menor es un mecanismo que satisface necesidades puntuales propias de la gestión pública.

Debido a la excepcionalidad provocada por la Covid-19 el panorama comienza a resultar más sombrío e inquietante entre los empresarios y entre los bergondeses también.

*El parón de la actividad económica está desatando una ola de morosidad que ha comenzado a provocar cierres y **quiebras de empresas**, en un fenómeno que ya se dio en los inicios de la anterior crisis y que tiene mayor intensidad en las de menor tamaño, es decir, los autónomos y las pymes.*

Con este panorama desolador proponemos esforzarnos un poco más en la ayuda a nuestros empresarios locales haciéndoles partícipes de las obras públicas para que puedan disponer de carga de trabajo siempre dentro del marco legal.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular del Concello de Bergondo presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

1º En la medida de lo posible y dentro del marco legal, incluir en las actividades de contratación del ayuntamiento de Bergondo a autónomos y pymes locales.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

2º En la media de lo posible realizar un inventario de pymes y autónomos bergondeses, así como su especialización para tener información actual de los servicios que ofrecen.

En Bergondo, a 20 de Noviembre de 2020.

EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR.

Francisco Manuel Fafián Torreiro.

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO”

O sr. voceiro do PP, indica que non é descabellado botar man nos contratos menores das PYMES do Concello de Bergondo, sendo o máis flexibles posibles este ano.

A sra. alcaldesa, corrixe a mención á lexislación feita na moción; isto non é un tema de moción, sería un rogo, porque os contratos menores son de competencia plenaria. Dentro das posibilidades que hai nos contratos municipais, iso xa se fai tratando de pedir ofertas a empresas ou empresarios de Bergondo; a maior parte das compras de equipos covid estanse a facer á empresas de Bergondo; o voto vai ser en conta, non por non apoiar o noso tecido empresarial, porque non é un tema de competencia plenaria.

O sr. voceiro do grupo mixto, tamén temos pedido que na medida do posible contratar con empresas de Bergondo, pero tamén hai que mirar polo ben común. Vaise abster neste punto.

O sr. voceiro de AV, as distintas concellerías do goberno municipal xa fan isto que vostedes piden na medida do posible e conforme á Ley de contratos e ás normas contidas nas Bases de execución, polo que non ven necesario apoiar esta moción.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: unha (1) abstención. Total seis (6) votos en contra, catro (4) votos a favor e unha (1) abstención.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

17. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO A QUE INGRESE AS CONTÍAS DO IVE NON LIQUIDADAS CORRESPONDENTES AO EJERCICIO 2017

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente, por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de novembro de 2020, que transcrita literalmente di:

“O Grupo Municipal Popular no concello de BERGONDO con arreglo ao disposto no Regulamento de



Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 a Axencia Tributaria (AEAT) implantou un novo sistema de xestión do IVE baseado no Suministro Inmediato de Información (SII), que posibilita a levanza case inmediata dos rexistros de facturación a través da Sede Electrónica da AEAT.

Porén, no informe anual de recadación tributaria da AEAT (ano 2017) conséntase que este novo sistema de xestión do IVE provocou un desprazamento de ingresos ao exercicio 2018.

Así, expresamente dise no precitado informe da AEAT: “La entrada en vigor de esta nueva forma de gestión vino acompañada de un retraso en la fecha límite de presentación de las declaraciones mensuales (del 20 al 30 del mes posterior al mes de devengo). La consecuencia fue que las declaraciones devengadas en un mes cualquiera que anteriormente se contabilizaban en el mes siguiente pasaron en su mayor parte a contabilizarse dos meses más tarde. En el conjunto del año, por tanto, solo se contabilizaron, para las empresas acogidas al nuevo sistema, 11 meses de ingresos (el mes de noviembre que antes se recaudaba dentro del año pasó a registrarse en enero del año siguiente). Junto a este desplazamiento de ingresos, el nuevo sistema posibilitó una realización más ágil de las devoluciones, de manera que también por este lado hubo una disminución de ingresos: devoluciones mensuales correspondientes a los últimos meses del año que antes se hubiesen realizado en los primeros meses del siguiente, se realizaron dentro del año 2017. En total ambos cambios significaron un traslado de ingresos de 2017 a 2018 por valor de 4.150 millones”.

Como consecuencia da implantación desta medida, a participación das entidades locais nos Ingresos Tributarios do Estado (ITE) caeu dun xeito significativo. As cuantificacións realizadas superan a cifra dos 750 millóns de euros, dos que 54 millóns corresponderíanlle aos 313 concellos e as 4 deputacións galegas.

O desaxuste contable deriva dunha decisión tomada polo Ministerio de Facenda cuxo impacto, en virtude do principio de lealdade institucional, debeu ser compensado no exercicio da liquidación. Sen embargo, sucedeu o contrario, obrigouse as entidades locais a reintegrar unhas importantes contías ao Estado en virtude dunha liquidación viciada polo efecto do SII (-32,8 millóns de euros no total de Galicia).

No caso do noso Concello de Bergondo a estimación de entregas a conta do ano 2017 foi aproximadamente de 1.355.457,53 euros e a participación nos ITE tras a implantación SII reduciuse a 1.306.405,74 euros o que nos obrigou a reintegrar ao Estado 49.061,79 euros. Polo tanto, o Estado debería devolvernos esta contía, así como ingresarnos os 19.809,75 euros que nos corresponderían pola liquidación na Participación nos Ingresos Tributarios do Estado se non se aplicouse o SII. Isto faría un total de 68.871,54 euros.

A FEGAMP e a FEMP reclamaron en varias ocasións ao Ministerio de Hacienda unha solución a esta problemática, asegurando os seus máximos representantes que esta situación non tiña “xustificación real” ou que “ya estamos hablando con el Gobierno de España y claro que se va a recuperar el dinero del IVA”.



Porén, os meses pasan e nestes momentos os concellos necesitamos non só recuperar uns ingresos que lexitimamente nos pertencen, senón tamén liquidez para facer fronte as necesidades sanitarias e sociais derivadas da pandemia.

Estamos ante unha situación inxusta e prexudicial para os municipios galegos que vemos diminuída a nosa capacidade de financiamento e os nosos recursos.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de BERGONDO presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. “Declarar o apoio deste concello ás reivindicacións da FEGAMP e da FEMP para que o Goberno de España ingrese ás entidades locais as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).*
- 2. Instar ao Ministerio de Facenda a que ingrese a este Concello 68.871,54 euros en concepto de cantidade non liquidada de IVE correspondente ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do Suministro Inmediato de Información (SII).*
- 3. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Facenda, á Xunta de Galicia, a FEGAMP e á FEMP”*

En Bergondo a 20 de Novembro de 2020. Francisco Manuel Fafián Torreiro.

O sr. voceiro do PP, engade que se copiou ben da acta do 12.8.2018 da FEGAMP, a contía que debíamos recibir era 68.871,54 euros, que está sen liquidar todavía.

A sra. Alcaldesa indica que non nos consta esa contía; non consta na comunicación feita polo Estado esa contía, non digo que sexa incorrecta; o certo é que as entregas a conta foron por importe de 1.355.457 euros, ese sí é un dato constatable; non estamos en contra de que se ingresen as contías do IVE do 2017, por iso os nosos representantes as reclaman, pero como non podemos constatar ese dato, non a imos a apoiar.

O sr. voceiro do grupo mixto, dí que vai apoiar a proposta.

O sr. voceiro de AV dí que ao non poder constatar a contía, non apoian a moción.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción ditaminada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total seis (6) votos en contra e cinco (5) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase rexeitada, por maioría de votos en contra, a moción antes transcrita.



18. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A continuación pola Sra. Alcadesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 21 de setembro de 2020 ao 23 de novembro de 2020, ámbolos dous incluídos, numerados do 1073/2020 do 21 de setembro ao 1322/2020, do 23 de novembro.

O Pleno queda enterado.

19. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentan.

20. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación pola Sra. Alcadesa ábrese a quenda de intervencións para os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo mixto a través da Sede Electrónica do Concello, o día 24 de novembro, núm. Entrada: 202099900002832, foron as seguintes:

1.- *Recentemente a Deputación da Coruña ven de resolver unha convocatoria de axudas para a creación, mantemento ou reforzo dos servizos de normalización lingüística para concellos en solitario ou agrupados. ¿Porque non se ten solicitado dende o concello de Bergondo?*

2.- *A pandemia do Covid19 fixo que cada vez sexa máis utilizado internet para moitos trámites, estudos, teletraballo, ... se xa con anterioridade a cobertura non era ningunha marabilla, o problema acentuouse nos últimos tempos. ¿Hai algunha novidade sobre a extensión da banda ancha no noso concello? ¿Poderíase solicitar que se acelere o proceso no posible?*

3.- *¿En que estado se atopa o “plan de rebacheo municipal” contratado en parte a unha empresa e outra parte levada a cabo por operarios municipais?*

4.- *¿Teñense presentado, ou teñen previsto presentar dende o Concello, enmendas aos Orzamentos Xerais do Estado, para que estes recollan inversións para Bergondo que nun principio non aparecían nos mesmos como a pasarela do CFEA ou a rotonda do cruce de Ferrol?*

5.- *Moitas das inversións dos orzamentos participativos deste ano quedaron sen executar, ¿hai algunha previsión de realízalas no próximo?*

1.- *ROGO. Se modifiquen as bases polas que rexen a convocatoria de subvencións para asociacións culturais e deportivas para facelas máis sinxelas e operativas; son moitas as que non acceden a elas, ou*

41 (43)

PL 26/11/2020



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

reciben menos do que poderían debido a dificultosa comprensión das mesmas. Propoñemos se tomen como base, por exemplo, as da Deputación da Coruña adaptadas ao noso municipio.

2.- No Pleno de novembro do 2019 preguntamos sobre un socavon aberto na beirarúa da estrada Gandario – Sada, a altura das escaleiras de baixada a praia. Un ano despois, segue no mesmo estado. Rogamos se de solución ao seu arranxo na maior brevidade posible xa que é unha zona moi transitada

3.- Segun nos teñen trasladado residentes en Guisamo, no entorno da Urbanización “Los Girasoles”, moitas veces quedan escasos os colectores de recollida do lixo, sobre todo cando depositan nos mesmos restos de poda. Rogamos se solicite aumentar o número de colectores neste punto.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo do Partido Popular a través da Sistema de Interconexión de Rexistros, o día 29 de xullo, núm. Entrada: 202090000000941; foron as seguintes:

- 1.- ¿Qué grado de ejecución tiene el presupuesto de 2020?*
- 2.- ¿Por qué no tiene publicados los Contratos Menores de 2020?*
- 3.- ¿Con qué criterios el personal del Concello teletrabajan? ¿Qué puestos están afectados?*
- 4.- La sustitución de la auxiliar de Urbanismo se ha llevado a cabo hace apenas un mes. ¿Por qué se ha tardado tanto tiempo?*
- 5.- ¿La ha contratado de la lista caducada hace años?*
- 6.- ¿Cuál es la empresa contratada para la instalación y alquiler de la iluminación Navideña de este año?.*
- 7.- ¿Es la misma empresa de los últimos años? ¿A cuántas empresas del sector solicitaron presupuestos? ¿Alguna de ellas era de Bergondo?*
- 8.- ¿Cuál es el importe por el que se la contrató este año?*
- 9.- ¿Cuánto se pagó este verano por el alquiler de la finca destinada a aparcamiento en Gandarío? ¿Por cuánto tiempo se alquiló?*

O sr. voceiro do PP efectúa dous rogos:

- Sobre unha marquesiña en Cortiñán, en Casal que está chea de maleza e protestan os pais.
- Sobre se non hai Policía Local polas tardes.

Esta acta foi gravada con audio. Consta no expediente do TEdC 2020/G010/000008 a dita gravación en formato mp3. A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

14A7EB4EBBAA13D2A7A66332C8EEF349E7D33507CAE755585D340A38F09BF9C7B



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M^a Cacharrón Castelos

V^o. e Pr. A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez